

1º BACHARELATO MATERIA TECNOLOXÍA INDUSTRIAL I

1 - Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

As producións realizadas polo alumnado (informes escritos, traballos monográficos, traballos realizados con ferramentas informáticas, etc...) e as probas escritas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10. Nos traballos escritos restarase 0,1 puntos por cada falta de ortografía ata un máximo de 0,5 puntos.

A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
Probas escritas A cualificación correspondente ás probas escritas se calcula como a media aritmética das puntuacións de cada proba.	50%
Caderno de traballo do alumno.	20%
Producións: traballos, proxectos, prácticas.	20%
Actitude	10%
Total	10

No caso de que se detecte que un alumno está a copiar nunha proba ou traballo, esta proba ou traballo será puntuado con 0.

Ao final do curso:

	PORCENTAXE NA NOTA FINAL
1.ª avaliación	1/3
2.ª avaliación	1/3
3.ª avaliación	1/3
Total	10

O exame extraordinario de setembro abarcará todos os contidos do curso. Na valoración da actitude terase en conta a evolución que cada alumno amose ó percorrer o curso. É necesario acadar unha nota de 5 puntos para acadar unha avaliación positiva.

1.1 – Criterios para superar a materia pendiente pola avaliación continua

Se propondrá ós alumnos o repaso das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. De cada unidade didáctica os alumnos deberán realizar unha serie de actividades escritas ou actividades feitas con ferramentas informáticas, que serán entregadas periódicamente ó profesor. Estas actividades se puntuarán de 0 a 10.

Realizarase unha proba escrita que consistirá nun exame sobre a totalidade dos contidos das unidades didácticas da avaliación ou avaliacións nas que non acadaron os obxectivos mínimos. Esta proba puntuarase de 0 a 10

A cualificación na recuperación dunha avaliación basearase nun 50% na proba escrita realizada. O 50% restante corresponderá á media aritmética das actividades realizadas polo alumno.

O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da recuperación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

Dado o carácter da materia as probas escritas poderán substituírse nalgúns casos por probas prácticas realizadas con ferramentas informáticas. Os resultados destas probas serán documentos ou arquivos nos que se recolla o traballo realizado.

Algunhas das actividades e materiais curriculares que se utilizarán serán os seguintes:

- 1.- Libro de texto.
- 2.- Materiais curriculares fotocopiáveis.
- 3.- Actividades escritas, traballos monográficos.

2 - Grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe para superar a materia

Na seguinte táboa recóllense os estándares de aprendizaxe e o seu grao mínimo de consecución.

Estándares de aprendizaxe	Grao de consecución mínimo
Bloque 1. Produtos tecnolóxicos: deseño, produción e comercialización	
☒ T11B1.1.1. Deseña unha proposta dun novo produto tomando como base unha idea dada, explicando o obxectivo de cada etapa significativa necesaria para lanzar o produto ao mercado.	☒ Resolve correctamente o deseño na maioría dos requisitos, aínda que con fallos nalgunhas partes.
☒ T11B1.2.1. Elabora o esquema dun posible modelo de excelencia, razoando a importancia de cada axente implicado.	☒ Resolve correctamente a actividade con fallos nalgunhas partes.
☒ T11B1.2.2. Desenvolve o esquema dun sistema de xestión da calidade, razoando a importancia de cada axente implicado.	☒ Resolve correctamente o esquema na maioría dos requisitos, aínda que con fallos nalgunhas partes.
Bloque 2. Máquinas e sistemas	
☒ T11B2.1.1. Describe a función dos bloques que constitúen unha máquina dada, explicando de forma clara e co vocabulario axeitado a súa contribución ao conxunto.	☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.
☒ T11B2.1.2. Debuxa diagramas de bloques de máquinas-ferramenta explicando a contribución de cada bloque ao conxunto da máquina.	☒ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.
☒ T11B2.2.1. Deseña, utilizando un programa de CAD, o esquema dun circuito eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico que dea resposta a unha necesidade determinada.	☒ Resolve correctamente o deseño na maioría dos requisitos aínda que con fallos nalgunhas.
☒ T11B2.2.2. Calcula os parámetros básicos de funcionamento dun sistema mecánico e dun circuito eléctrico-electrónico, pneumático ou hidráulico, a partir dun esquema dado.	☒ Comprende o problema de forma algo incompleta pero válida.
☒ T11B2.3.1. Verifica a evolución dos sinais en circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos, debuxando as súas formas e os valores nos puntos característicos	☒ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.
☒ T11B2.3.2. Interpreta e valora os resultados obtidos de circuitos eléctrico-electrónicos, pneumáticos ou hidráulicos.	☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.
☒ T11B2.4.1. Deseña, constrúe e programa un sistema automático ou robot cos actuadores e os sensores axeitados, para que o seu funcionamento solucione un problema determinado.	☒ Resolve correctamente o deseño e a construción na maioría dos requisitos, aínda que con fallos nalgunhas partes.
Bloque 3. Materiais e procedementos de fabricación	
☒ T11B3.1.1. Establece a relación entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades. T11B3.1.1. Establece a relación entre a estrutura interna dos materiais e as súas propiedades.	☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.
☒ T11B3.1.2. Explica como se poden modificar as propiedades dos materiais, tendo en conta a súa estrutura interna.	☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.
☒ T11B3.2.1. Describe, apoiándose na información obtida en internet, materiais imprescindibles para a obtención de produtos tecnolóxicos relacionados coas tecnoloxías da información e da comunicación.	☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.
☒ T11B3.3.1. Explica as principais técnicas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado.	☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.
☒ T11B3.3.2. Identifica as máquinas e as ferramentas utilizadas no proceso de fabricación dun produto dado.	☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.
☒ T11B3.3.3. Describe as principais condicións de seguridade que se deben aplicar nun determinado ámbito de produción, desde o punto de vista tanto do espazo como da seguridade persoal.	☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.
☒ T11B3.4.1. Coñece o impacto ambiental que poden producir as técnicas utilizadas.	☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.
Bloque 4. Recursos enerxéticos	

<p>☒ T11B4.1.1. Describe as formas de producir enerxía, en relación co custo de produción, o impacto ambiental e a sustentabilidade.</p>	<p>☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.</p>
<p>☒ T11B4.1.2. Debuxa diagramas de bloques de diferentes tipos de centrais de produción de enerxía, e explica cada bloque constitutivos e as súas interrelacións.</p>	<p>☒ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</p>
<p>☒ T11B4.2.1. Explica as vantaxes que supón, desde o punto de vista do consumo, que un edificio estea certificado enerxeticamente.</p>	<p>☒ Explica de forma algo incompleta pero válida.</p>
<p>☒ T11B4.2.2. Calcula custos de consumo enerxético de edificios de vivendas ou industriais, partindo das necesidades e/ou dos consumos dos recursos utilizados.</p>	<p>☒ Comprende o problema de forma algo incompleta pero válida e a maioría de estratexias empregadas son válidas.</p>
<p>☒ T11B4.2.3. Elabora plans de redución de custos de consumo enerxético para locais ou vivendas, identificando os puntos onde o consumo poida ser reducido.</p>	<p>☒ Resolve correctamente a maioría das actividades e prácticas con fallos nalgunhas.</p>